

Addenda ao convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro sobre a promoción das ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade

Santiago de Compostela, catorce de setembro de dous mil doce

### **REUNIDOS**

Dunha parte, don Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación dela, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente.

Doutra, don Fernando Cachafeiro Villaverde, director xerente da Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro, en nome e representación dela, e facultado para este acto mediante o poder outorgado ante o notario do Ilustre Colexio da Coruña D. Francisco Javier Sanz Valdés, con data 24 de abril de 1987, e número de protocolo 1.337.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

### **EXPOÑEN**

1. Que o dezanove de setembro de dous mil sete asinouse un convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, actualmente Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de acordo co decreto 1/2012, de 3 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro sobre a promoción das ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade, co obxecto da impartición de ensinanzas de formación profesional inicial correspondentes ao ciclo formativo de grao superior radioterapia nas instalacións da referida fundación. En setembro de 2011 asinouse a addenda correspondente ao curso escolar 2011-2012.

2. Que a cláusula cuarta do referido convenio establece que a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro achegará o profesorado especialista necesario para o desenvolvemento dos módulos referidos na cláusula anterior, que se imparten na citada fundación. A impartición destes módulos por profesorado especialista está prevista no Real decreto 544/95, polo que se establece o título de técnico superior en Radioterapia e as súas ensinanzas mínimas.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria farase cargo dos gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio.

Os gastos de funcionamento destas ensinanzas, en concreto o ciclo formativo de grao superior Radioterapia, que asume a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, estímense nun importe máximo de 36.000 euros para o curso 2007-2008 e repartiranse do seguinte modo: 15.000 euros para o ano 2007 e 21.000 euros para o ano 2008,

con cargo ao concepto orzamentario 09.02.422M.229.13 no que se contemplan os gastos de funcionamento dos centros que imparten ciclos formativos. Dito importe transferirase ao CIFP Ánxel Casal- Monte Alto da Coruña, quen deberá xustificar estes gastos de acordo co Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

3. Que para dar continuidade a estas ensinanzas faise preciso ante o novo curso escolar 2012-2013, solicitar a ampliación do convenio. Por iso, as partes que interveñen acordan asinar unha addenda, ao citado convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas.

### **CLÁUSULAS**

**Primeira.** O estipulado na cláusula cuarta do referido convenio, quedará redactado da seguinte forma:

A Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro achegará o profesorado especialista necesario para o desenvolvemento dos módulos referidos na cláusula anterior, que se imparten na citada fundación. A impartición destes módulos por profesorado especialista está prevista no Real decreto 544/95, polo que se establece o título de técnico superior en radioterapia e as súas ensinanzas mínimas.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria farase cargo dos gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio.

Os gastos de funcionamento destas ensinanzas, en concreto o ciclo formativo de grao superior Radioterapia, que asume a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, estímense nun importe máximo de 36.000 euros para o curso 2012-2013 e repartiranse do seguinte modo: 15.000 euros para o ano 2012 e 21.000 euros para o ano 2013, con cargo ao concepto orzamentario 15.06.422M.229 no que se contemplan os gastos de funcionamento dos centros que imparten ciclos formativos. Dito importe transferirase ao CIFP Ánxel Casal-

Monte Alto da Coruña, quen deberá xustificar estes gastos de acordo co Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

**Segunda.** Esta addenda terá a vixencia do curso escolar 2012/2013. O convenio poderá prorrogarse por acordo expreso das partes mediante a addenda correspondente. Así mesmo, poderá ser denunciado por calquera das partes por incumprimento das obrigas nel previstas. A denuncia esixirá escrito motivado dirixido á comisión de seguimento, cunha antelación de tres meses. En todo caso, a supresión das ensinanzas realizarase curso a curso ata a súa extinción definitiva.

Lida a presente addenda, atópala conforme e asínana no lugar e data indicadas.

O Conselleiro de Cultura, Educación e  
Ordenación Universitaria

Jesús Vázquez Abad

O Director Xerente da Fundación Centro  
Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio  
Quiroga y Piñeiro

Fernando Cachafeiro Villaverde